

Programa

Venres 17 de abril

Pola mañá Encontro poético con alumnado do IES Luís Seoane, IES A Xunqueira II e IES Torrente Ballester.

17:30 Teatro Principal de Pontevedra (rúa de Paio Gómez Chariño, 6). Inauguración de PontePoética 5 e recital dos poetas:

Isaac Xubín
Susanna Lliberós
José Luís Peixoto

19:00 Teatro Principal. Recital dos poetas:

Olalla Cociña
Harkaitz Cano
Manuel Álvarez Torneiro

Sábado 18 de abril

11:00 Teatro Principal. Obradoiro de Narrativa con:

Harkaitz Cano

17:30 Teatro Principal. Recital dos poetas:

Lucía Novas
Luis García Montero
Lello Voce

19:00 Teatro Principal.
Recital de clausura do festival con todos os e as poetas participantes:

Olalla Cociña, Harkaitz Cano, Susanna Lliberós, Isaac Xubín, Manuel Álvarez Torneiro, Lucía Novas, Lello Voce, José Luis Peixoto, Luis García Montero

Presenta: *Yolanda Castaño*

22:30 Pub El Pequeño (rúa de Paio Gómez Chariño, 29, baixo).
Espectáculo de Poesía:

Lello Voce

Domingo 19 de abril

11:00 Teatro Principal. Obradoiro con:

Luis García Montero

*As persoas interesadas poden inscribirse nos obradoiros a través do correo electrónico cfuentesmoleto@yahoo.es ou do teléfono 669428188, ata o xoves 16 de abril, indicando o/os obradoiro/os da súa preferencia.

Desenho: Carmen Hermo

Dirección do Festival:

Yolanda Castaño

Promove:

Concello de Pontevedra



CONCELLO DE
PONTEVEDRA


Colabora:

Ateneo de Pontevedra



Teatro Principal
e outros espazos da cidade

17, 18 e 19 abril 2015



Manuel Álvarez Torneiro



Foto: Paco Rodríguez (La Voz de Galicia)

(A Coruña, 1932). Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende o seu serodio debut, coa obra *Memoria dun silencio* (1982). A súa traxectoria inclúe títulos como *Rigorosamente humano* (1995, Premio Esquio), *Luz de facer memoria* (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española), *Campo segado* (2001), *Epicentro* (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), *Setembro Stradivarius* (2004), *Parábola do incrédulo* (2006), *Os ángulos da brasa* (2012, Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012 e Premio AELG 2013) e *Onde nunca é mañá* (2014). Encadrado pola crítica na 'Xeración das Festas Minervais', Manuel Álvarez Torneiro é a día de hoxe o único poeta galego que ten conseguido o Premio Nacional de Poesía.

Harkaitz Cano



Foto: Sushi Maky

(Lasarte, 1975) vive hoxe en San Sebastián, onde se licenciou en Dereito sen chegar a exercelo. Dende o seu temperán debut literario en 1994, a súa bibliografía inclúe obras narrativas como *Twist* (2011 en éuscaro; 2013 en castelán), *Beluna jazz* (1996; *Jazz y Alaska en la misma frase*, 2004), *Belarraren ahoa* (2005; *El filo de la hierba*, 2007), *Neguko zirkua* (2005; *Circo de invierno*, 2013), libros de crónicas como *Piano gainean gosatzzen* (2000; *El puente desafiado*, 2003) ou poemarios como *Norbait dabil sute-eskaileran* (2001; *Alguien anda en la escalera de incendios*, 2008) e *Compro oro* (2011), escrito orixinalmente en castelán. Ademais das súas autotraducións ao castelán, tamén verteu ao éuscaro a autores como Hanif Kureishi ou Allen Ginsberg. E entre as moitas linguas ás que está traducida a súa obra, cóntase a versión galega da novela *Pasaia Blues* (Huguin e Munin, 2013).

Olalla Cociña



Naceu en Viveiro (Lugo) en 1979. Licenciada en Ciencias da Comunicación, vive en Santiago. Publicou os poemarios *As cervicais da memoria* (premio Avelina Valladares 2004), *aquí* (intemperies) (2006), *Libro de Alicia* (premio Fiz Vergara Vilarinho 2008, Espiral Maior) e *Ningún precipicio* (Toxosoutsos, 2013). A súa obra aparece recollida en antoloxías como *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* ou *Novas de poesía* (Fundación Uxío Novoneyra, 2013), entre outras. Coorganiza o ciclo de lecturas poéticas Picaversos, en Compostela.

Luis García Montero



Susanna Lliberós



Lucía Novas



Foto: Candi Pérez Torres

(Granada, 1958). Poeta e Catedrático de Literatura Española na Universidade de Granada. Entre os seus libros de poemas destacan *Y ahora ya eres dueño del Puente de Brooklyn* (1980), *Tristia* (en colaboración con Álvaro Salvador, 1982), *El jardín extranjero* (1983), *Diario cómplice* (1987), *Las flores del frío* (1991), *Habitaciones separadas* (1994), *Completamente viernes* (1998), *La intimidad de la serpiente* (2003), *Vista cansada* (2008) e *Un invierno propio* (2011). A súa poesía xuvenil foi reunida no volume *Además* (1994). Publicou varios libros de ensaio, así como prosa narrativa e novela. Recibiu o Premio Adonais en 1982 por *El jardín extranjero*, o Premio Loewe en 1993 e o Premio Nacional de Literatura en 1994 por *Habitaciones separadas*. En 2003, con *La intimidad de la serpiente*, foi merecedor do Premio Nacional da Crítica.

(Vila-real, Plana Baixa, 1973) é xornalista e poeta. Desenvolveu a súa traxectoria profesional entre a radio e a televisión. Publicou os libros de poesía *Cel-les* (Viena, 2008, XXVIII Premio de Poesía "25 d'abril" da Vila de Benissa) e *Compàs d'espera* (Germania, 2013). Participou en libros colectivos e a súa obra ten sido incluída en numerosas antoloxías de poesía catalá. É membro fundadora da asociación de escritores de Castellón El Pont Cooperativa de Lletres.

PONTE POÉTICA 5

festival de poesía

nace en 1979 en Bueu. Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, imparte Lingua e Literatura Galega no ensino secundario. É autora dos libros *Epiderme de estío* (Premio de Poesía Concello de Carral) e *Neve* (Premio Johán Carballera). Aparece representada nas antoloxías *Poetízate*, *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia*, *Erato bajo la piel del deseo* e *Novas de poesía*, así como en diversos volumes colectivos e publicacións periódicas como *Grial*, *Dorna*, *PolpA*, *Casa da Gramática* ou *Escrita Contemporánea*. Ademais dos xa citados, recibiu os premios Minerva, Universidade de Vigo e Faustino Rey Romero, e participou como relatora en cursos e xornadas da Universidade de Salamanca, da Fundación Alberti e da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega.

José Luís Peixoto



naceu en 1974, no Alentejo (Portugal). É licenciado en Linguas e Literaturas Modernas pola Universidade Nova de Lisboa. A súa obra abrangue varios xéneros, da narrativa ao teatro, da novela á poesía, e foi distinguida con diversos premios literarios. No eido da poesía publicou *A Criança em Ruínas* (2001, Premio da Sociedade Portuguesa de Autores), *A Casa, a Escuridão* (Poesía, 2002) e *Gaveta de Papéis* (2008, Premio de Poesía Daniel Faria). Está representado en innumerables antoloxías de poesía portuguesa e internacional. As súas novelas (entre elas as premiadas *Nenhum Olhar*, *Cemitério de Pianos* ou *Livro*) están traducidas e publicadas en vinte idiomas.

Lello Voce



Foto: Dino Ignani

(Nápoles, 1957) é poeta, narrador, dinamizador cultural e performer. Foi un dos pioneiros introdutores do *Poetry Slam* en Italia, e o primeiro en conducir slams plurilingües no mundo, e, dende aqueles comezos de século, ten comandado centos destas competicións en verso por todo o país. Cóntase entre os fundadores do Gruppo 93 e da revista Baldus, e como precursor da mestura contemporánea de poesía e música ten ofrecido recitais e espectáculos de *spoken music* por toda Italia, Europa, América e Asia, en accións poéticas nas que contribuíron unha chea de artistas de renome. Colaborador de xornais como *Corriere della Sera*, entre os libros e CDs que leva publicando dende os primeiros oitenta, cabe salientar *L'esercizio della lingua. Poesie 1991-2008* (2009) ou *Piccola cucina cannibale* (2012) polos que recibiu galardóns coma o Delfino de poesía ou o Premio Nápoles 2012.

Isaac Xubín



Foto: Núria Massot

(A Coruña, 1978) Filólogo e mestre en Política lingüística. Como profesor e investigador elaborou un dicionario bilingüe galego-éuscaro e foi lector de lingua e cultura galegas en Irlanda de 2009 a 2012. Publicou traducións entre as que destacan os libros colectivos *Eno mar cabe quant'i quer caber* e *Sete poetas vascos* (Premio Lois Tobío de tradución), o poemario de Joseba Sarrionaindia *Tempo de exilio* ou a novela *Pasaia Blues* de Harkaitz Cano. Como creador ten publicado obras de poesía e relato curto entre as que salientan o poemario *Con gume de folia húmida* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón) e as narracións *Château Bobcat* e *Le pied de Julien DuPuy*. Como deportista afeccionado xogou ao rugby no Mareantes de Pontevedra e no Universidade de Vigo.